



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2021 E CORRESPONDENTE CONVOCATORIA

EXPEDIENTE: 2021/X999/000580

Vista a providencia do Concelleiro de Turismo pola que se inicia o procedemento para o Concurso de Escaparates do Nadal 2021.

Visto que en cumprimento da citada providencia se ten procedido á elaboración das preceptivas bases reguladoras.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 16/12/2021.

É polo que, de conformidade co disposto no art. 9 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xullo, de Subvencións de Galicia e demais normativa reguladora da materia,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 433.47900 do Orzamento Xeral do Concello de Malpica de Bergantiños 2020 prorrogado para o 2021.

Segundo.- Aprobar as bases reguladoras do Concurso de Escaparates de Nadal 2021.

Terceiro.- Convocar o devandito concurso procedendo á publicación de conformidade co previsto na normativa aplicable.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, María Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).